

Unidade de Promoción e Desenvolvemento
Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

MEMORIA DE ACTIVIDADES
2004-2006



Unidade de Promoción e Desenvolvemento Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

Directora

Zara Pousa Arbones

Equipo técnico

Blanca González De La Cuesta
Julio A. López Walliser
Silvana Martínez Rodríguez
Susana Rivadulla López
Xulio Troitiño Dapena
Sonia Vila carrizo

Persoal de apoio

María Alonso Rey
Rosa Calvo Buxo
Marisa Otero Custodia
Mercedes Pousa Pereira

Edita

Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo




Un instrumento de dinamización do territorio	1
Estrutura e persoas que conformaron a UPD.....	5
Medidas do proxecto	9
• Desenvolvemento do Territorio.....	12
<i>Servizo de Información territorial</i>	12
<i>Análise e diagnóstico do territorio</i>	13
<i>Identificación de recursos e xeración de ideas</i>	15
<i>Cooperación con entidades e actores sociais</i>	15
<i>Servizo de documentación e difusión</i>	16
<i>Asesoramento no deseño e redacción de proxectos</i>	19
• Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego.....	21
<i>Promoción dos programas</i>	21
<i>Asesoramento e colaboración no deseño de proxectos</i>	22
<i>Apoio aos proxectos de escolas e obradoiros en funcionamento</i>	34
<i>Deseño de actividades e produtos de sensibilización</i>	36
<i>Rede polo emprego</i>	37
<i>Actividades de difusión dos programas de escolas e obradoiros</i>	39
Actividades Xerais.....	43
<i>Programación e mantemento de rede informática</i>	45
<i>Traballos de delineación e deseño gráfico</i>	45
<i>Tarefas de apoio administrativo e de secretariado</i>	46
<i>Asistencia a cursos, xornadas e congresos</i>	46



UN INSTRUMENTO DE DINAMIZACIÓN DO TERRITORIO





UN INSTRUMENTO DE DINAMIZACIÓN DO TERRITORIO

As Unidades de Promoción e Desenvolvemento defínense como instrumentos de intervención en ámbitos territoriais de carácter supramunicipal que teñen como obxectivo final descubrir as potencialidades de desenvolvemento e emprego na súa área de actuación.

As UPDs favorecen a execución de plans integrais de intervención das escolas obradoiro, obradoiros de emprego, casas de oficio e proxectos de desenvolvemento coa finalidade última de mellorar as posibilidades de inserción das persoas desempregadas.

Neste senso, e co fin de acadar este obxectivo, as funcións principais das Unidades de Promoción e Desenvolvemento son as seguintes:


- Investigar as oportunidades de desenvolvemento e emprego, por medio dunha axeitada prospección e avaliación dos seus recursos dispoñibles e do uso de métodos e sistemas que permitan a planificación, coordinación e posta en práctica de accións e estratexias de políticas activas de emprego, fundamentalmente vinculadas aos novos viveiros de emprego.
- Facilitar información sobre o emprego e o desenvolvemento, a través da súa organización, sistematización e divulgación aos técnicos/as e axentes de emprego, ás escolas obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego e ás entidades interesadas no desenvolvemento local e na creación de emprego.
- Apoiar, dinamizar e avaliar os proxectos de escolas obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego.
- Desenvolver estratexias e metodoloxías de apoio dirixidas á inserción laboral por conta allea, á creación de iniciativas empresariais e ao autoemprego das persoas desempregadas e, especialmente, das participantes en escolas obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego e outros programas de cooperación.
- Coordinar as actuacións do persoal técnico local de emprego e colaborar para a implantación das políticas activas de emprego no territorio de actuación.

A Unidade de Promoción e Desenvolvemento da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo foi promovida por esta entidade pública e cofinanciada polo Fondo Social Europeo e pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relación Laborais, inicialmente, e a partir de agosto de 2005 pola Consellería de Traballo. Tivo un período de duración de dous anos, iniciando a súa actividade o 2 de novembro de 2004 e finalizando o día 1 de novembro de 2006.




ESTRUTURA E PERSOAS QUE CONFORMARON A UPD





ESTRUTURA E PERSOAS QUE CONFORMARON A UPD

A Unidade de Promoción e Desenvolvemento estivo conformada, case ata o final do proxecto por un equipo interdisciplinar de 13 persoas distribuídas nos seguintes departamentos:



Coa data de finalización do proxecto, 1 de novembro de 2006, formaban parte da Unidade as seguintes persoas:

Nome	Posto	Alta na UPD	Baixa na UPD
Pousa Arbones, Zara	Directora	02-11-04	01-11-06
Troitiño Dapena, Xulio	Técnico de emprego	02-11-04	01-11-06
Vila Carrizo, Sonia	Técnica de emprego	02-11-04	01-11-06
Martínez Rodríguez, Silvana	Técnica en orientación e inserción laboral	02-11-04	01-11-06
Rivadulla López, Susana	Arquitecta	02-11-04	01-11-06
González de la Cuesta, Blanca	Técnica en informática	03-10-05	01-11-06
López Walliser, Julio Antonio	Técnico en comunicación	02-11-04	01-11-06
Alonso Rey, María	Persoal de apoio en informática	02-11-04	01-11-06
Calvo Buxo, Rosa	Persoal de apoio en delineación	02-11-04	01-11-06
Otero Custodia, Marisa	Persoal apoio en administración	02-11-04	01-11-06
Pousa Pereira, Mercedes.	Persoal apoio en administración	02-11-04	01-11-06


Igualmente formaron parte do equipo da UPD as seguintes persoas:

Nome	Posto	Alta na UPD	Baixa na UPD
Méndez Pardo, José Angel	Técnico en informática	02-11-04	31-07-05
Quintáns Ríos, F. Gabriel	Técnico en análise territorial	08-11-04	22-09-06
Saavedra Fernández, Berta	Técnica en orientación e inserción laboral	02-11-04	14-09-06



MEDIDAS DO PROXECTO






MEDIDAS DO PROXECTO

O proxecto Unidade de Promoción e Desenvolvemento 2004-2006, integrou de forma equilibrada e coordinada diferentes accións que se estruturaron arredor de dúas medidas interrelacionadas entre si:

Medida I. Desenvolvemento do territorio.

Medida II. Dinamización de escolas obradoiro e obradoiros de emprego.



Estas medidas leváronse a cabo a través dun conxunto de accións que pretenderon potenciar o desenvolvemento sostible do territorio e mellorar as posibilidades de inserción laboral das persoas desempregadas a través da actuación e incidencia sobre os proxectos de desenvolvemento en xeral, e sobre os programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego en particular.

En liñas xerais, coa primeira medida impulsáronse accións dirixidas á prospección dos recursos e das necesidades do territorio, a cooperación con técnicos/as e responsables de emprego das administracións locais e a difusión da información. Dentro desta medida existiron un conxunto de accións que se relacionan coa captación, elaboración e subministro de información, a investigación e análise do contorno e a colaboración cos diferentes actores sociais de cara a promoción de proxectos.

E coa segunda medida, tratouse de potenciar un maior coñecemento dos obxectivos dos programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego e unha maior adaptación dos proxectos ás potencialidades e características do territorio no que se desenvolven, así como de apoiar ao persoal directivo e docente destes proxectos e de favorecer ás posibilidades de inserción laboral dos colectivos formados. Baixo esta medida elaborouse material metodolóxico para formar e asesorar ás persoas vinculadas a este programa, redactáronse proxectos de escolas obradoiro e obradoiro de emprego e ofrecéronse servizos de información para unha maior divulgación dos mesmos.

DESENVOLVEMENTO DO TERRITORIO

Co obxectivo de poder implantar estratexias e proxectos que traten de potenciar aspectos específicos e xerais dun territorio determinado, a través desta medida impulsáronse accións dirixidas á prospección dos recursos e das necesidades do territorio, á dinamización do tecido institucional, asociativo e empresarial local e á cooperación con técnicos/as e responsables de emprego das administracións locais que promovan o xurdimento de ideas e iniciativas.

Servizo de Información territorial

Obxectivo: Servir de base informativa, en termos territoriais e socioeconómicos, aos diferentes actores sociais que actúan no territorio.

O servizo de información territorial, ferramenta base de información estatística, conformouse por unha ampla base de datos integral e flexible, asociada a unha cartografía temática a macroescala.

Este sistema permitiu apreciar de forma gráfica as características internas que presenta o territorio, ofrecendo a visualización de diferentes temáticas dentro da mesma base cartográfica, co que a análise da mesma se pode realizar tendo en conta os diferentes factores que os usuarios necesiten, tales como procesos socioeconómicos, factores de localización, etc.

A recollida de datos durante a duración desta UPD desenvolveuse de forma continuada a través de diferentes tarefas, tales como a actualización das estatísticas secundarias, o deseño de novas bases de datos e a elaboración de enquisas ou documentos dirixidos a determinadas entidades e actores do territorio. As temáticas principais deste centro de información son as seguintes:

Características xeográficas e organización do territorio

Encadre territorial: localización superficie, relevo e características climáticas.

Estrutura territorial: planeamento urbanístico vixente, partido xudicial ó que pertencen, encadre comarcal e mancomunal de servizos, área metropolitana, entidades de poboación, infraestruturas e montes veciñais en man común.

Recursos naturais e medio ambiente: espazos naturais, vexetación, fauna, coutos de caza e pesca, produción de RSU, recollida selectiva de RSU (ecopuntos), outros tipos de contaminación e incendios forestais.

Equipamentos: vivenda, equipamento cultural, equipamento deportivo, equipamento sanitario, equipamento educativo e cemiterios.

Recursos culturais: patrimonio histórico e recursos turísticos.

Recursos socioeconómicos

Características demográficas: efectivos poboacionais, estrutura da poboación, movemento natural da poboación, movementos migratorios, nivel de formación da poboación.

Mercado de traballo: características xerais da poboación maior de 16 anos, poboación ocupada, poboación parada, comportamento do mercado de traballo e relacións laborais.

Recursos económicos: aspectos xerais (nivel de renda, número de empresas por sector económico, tamaño das empresas, número de empresas e VAB por sectores segundo o ardan), sector primario, sector secundario, sector terciario, turismo, recursos e actividades para o desenvolvemento e o emprego.

Análise e diagnóstico do territorio

Obxectivo: Fundamentar calquera estratexia de actuación no territorio para poder tomar decisións e establecer plans que melloren o desenvolvemento económico e social do mesmo.

Para executar esta acción leváronse a cabo dous tipos de actuacións. Unha, derivada do coñecemento por parte da UPD das necesidades das entidades locais de dispor de documentos de análise territorial que ofrezan estratexias de desenvolvemento, e outra, derivada das necesidades concretas das entidades en xeral de dispor, tamén, de documentos de análise territorial, pero enfocados cara unha temática concreta ou cun obxectivo predeterminado inicialmente.

Así, coa **primeira actuación**, a UPD elaborou o que se denominaron os ADT (Análise e Diagnóstico do Territorio), documentos que ofrecen un recoñecemento do espazo socioxeográfico, unha identificación e unha avaliación dos recursos existente a das súas oportunidades de cada un dos concellos da Mancomunidad de Vigo.

A metodoloxía empregada conxugou, dunha banda, os coñecementos adquiridos pola UPD ao longo da súa traxectoria de traballo no eido do emprego e o desenvolvemento local e, pola outra, o traballo de cooperación e colaboración cos axentes do territorio. As fases e accións que compoñen a metodoloxía dos ADT e que incluímos a continuación conxugaron ambas fontes, adaptándoas ás necesidades e características do noso ámbito de actuación.

A realización dos ADT nos concellos da MAIV, estruturouse nunha serie de fases e accións que buscaron a recollida do maior número de opinións e visións posibles sobre as características, potencialidades e dificultades que afronta o desenvolvemento do territorio, así como estratexias de desenvolvemento propostas polos suxeitos implicados, para o que foi fundamental o traballo e participación dos técnicos, autoridades locais e representantes dos diferentes sectores económicos e sociais.

A primeira fase da ADT foi a **análise do territorio** conformada por unha sistematización da información de fontes estatísticas xa existentes e obtención daqueles datos e informacións que non estando reflectidas nas fontes consultadas, requirían da consulta aos axentes implicados, buscando o contraste de opinións e a representación. Esta primeira fase finalizou coa elaboración dun documento para cada un dos concellos da MAIV.

A seguinte fase, denominada, **diagnóstico de estratexias** de desenvolvemento e emprego, iniciouse coa revisión dos documentos anteriores por parte dos técnicos dos concellos para que fixeran as achegas necesarias á información sistematizada, co obxectivo de reflectir dun xeito mais axustado a realidade do territorio.

E finalizou coa realización dunha **análise DAFO** para a identificación de estratexias de desenvolvemento e emprego en cada un dos territorios analizados. Quedando pendente a elaboración das conclusións do diagnóstico sobre desenvolvemento do territorio nos diferentes concellos da MAIV a partir das achegas de todos os colectivos económicos e sociais.

Coa **segunda actuación**, derivada das necesidades concretas de cada entidade, a UPD realizou diagnósticos e análises territoriais a medida, que foron empregados, na súa maioría, para a xustificación e a execución de determinados proxectos:

- Análise de posibles ampliacións da futura Área Metropolitana de Vigo.
- Análise e diagnóstico da situación do emprego na Área Intermunicipal de Vigo.
- Estudio socioeconómico da comarca de Tabeirós-Terra de Montes.
- Estudio socioeconómico do concello da Illa de Arousa.
- Estudio socioeconómico do concello de A Cañiza.
- Estudio socioeconómico do concello de A Guarda.
- Estudio socioeconómico do concello de Arbo.
- Estudio socioeconómico do concello de Baiona.
- Estudio socioeconómico do concello de Bueu.
- Estudio socioeconómico do concello de Campo Lameiro.
- Estudio socioeconómico do concello de Mondariz.
- Estudio socioeconómico do concello de Nigrán.
- Estudio socioeconómico do concello de O Covelo.
- Estudio socioeconómico do concello de O Rosal.
- Estudio socioeconómico do concello de Pazos de Borbén.
- Estudio socioeconómico do concello de Pontearreas.
- Estudio socioeconómico do concello de Redondela.
- Estudio socioeconómico do concello de Salceda de Caselas.
- Estudio socioeconómico do concello de Soutomaior.
- Estudio socioeconómico do concello de Tui.

- Estudio socioeconómico do concello de Vigo.
- Estudio socioeconómico do concello de Vilanova de Arousa.
- Estudio socioeconómico enfocado as actividades do mar do concello de Vigo.
- Informe de datos socioeconómicos da Área Metropolitana.
- Realidade socioeconómica da Área metropolitana de Vigo. Artigo para o suplemento de Faro de Vigo “*Vigo siglo XXI*”. Un goberno metropolitano. 2 de abril de 2006.

Identificación de recursos e xeración de ideas

Obxectivo: Optimizar o uso da información e ofrecer referencias actualizadas sobre experiencias positivas de desenvolvemento local e emprego aos diferentes actores sociais.

O Banco de Ideas de desenvolvemento local creado con esta acción ofrece información diversa sobre diferentes proxectos e accións executados noutros territorios e que polas súas características favoreceron o desenvolvemento socioeconómico dun determinado espazo.

O Banco de ideas ten definidos varios campos de datos: nome do proxecto, quen o promove e que socios participan nel, público destinatario, obxectivos que se perseguen, etc. Ademais fíxose un pequeno resume da acción ou proxecto, estableceuse que elementos innovadores incorporan, como se financiou, e que principais resultados acadaron e con qué dificultades se atoparon á hora de executalo.

Os diferentes proxectos estruturáronse en diferentes temáticas co obxectivo de facilitar a busca de iniciativas: agricultura ecolóxica, autoemprego, desenvolvemento local, desenvolvemento rural, emprego, igualdade de oportunidades, medio ambiente, patrimonio, persoas maiores, transportes, turismo, turismo ecolóxico, xuventude.

Cooperación con entidades e actores sociais

Obxectivo: Potenciar a cooperación entre axentes e optimizar os recursos e ferramentas de traballo para favorecer a implantación das políticas de emprego no territorio.

A UPD estableceu o servizo da asesoramento ós técnicos/as e axentes de emprego a dous niveis.

Por unha banda estableceuse este servizo dirixido á rede que existe no territorio da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, no que están presentes non só os técnicos/as de emprego senón tamén as persoas xestoras de diferentes proxectos de desenvolvemento e emprego (SAE-MAIV, Proder II, Conta con Elas, Empleocities, Alicerce, Actívate, etc.), que ofreceu información puntual sobre aspectos que eles demandaron, información sobre toda a normativa en materia de emprego, formación, inserción laboral e desenvolvemento local que se publica, informes e estudos concretos do seu territorio, metodoloxías de traballo e datos e información actualizada.

E pola outra, sen esquecer que a UPD tivo un ámbito de actuación a nivel provincial no que se refire aos programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego, estableceuse tamén un servizo de asesoramento ao resto de técnicos/as de emprego da Rede de Técnicos da Xunta de Galicia e a todas aquelas entidades vinculadas con este tipo de programas, ofrecéndolles a información por eles solicitada, aínda que non estiveran no noso ámbito de actuación. Así durante a duración desta UPD colaborouse con Fundación Érguete, Confraría de Pescadores de Baiona, Centro Empresarial da Construción de Barbanza, *Fundación Laboral de la Construcción de Madrid*, IDAE Consultoría de estudos e formación, Secretariado Xeral Xitano, *Seminario de Estudios Carlos Velasco*, UPDs de Pontevedra, Navarra e Jaen, diferentes concellos da provincia de Pontevedra excluindo a Mancomunidade de Vigo, e diversos concellos doutras provincias como o concello de Guitiriz ou Ribadavia.

Ademais, durante a primeira fase do proxecto, e coa perspectiva de que a Mancomunidade comezara a coordinar a política de emprego da futura área metropolitana, colaborouse con esta entidade na identificación das diferentes entidades e axentes que ofrecen servizos ou teñen en marcha diferentes proxectos de emprego e desenvolvemento.

Servizo de documentación e difusión

Obxectivo: Promover a circulación da información, servir de canle de comunicación entre os diferentes proxectos vinculados ao emprego e ser un centro de difusión doutras experiencias.

Web da UPD: www.maiv.org/upd

Web do proxecto que ofrece información diversa das accións que se están a executar, información sobre o programa de escolas obradoiro e obradoiros de emprego e acceso a todo o material metodolóxico que o equipo da UPD está a desenvolver.

Do total de visitas realizadas ás páxinas da web da Mancomunidade, a maioría referidas a proxectos ou información xeral da Mancomunidade, case que o 50% corresponderon á páxina específica da UPD. E dentro dela o boletín electrónico Arco da Nova, a sección correspondente ás publicacións da UPD e a sección webemprego foron as páxinas máis visitadas.

A web estruturouse en diferentes seccións:

A nosa UPD: Nesta sección pódese atopar información sobre a orixe e evolución das Unidades de Promoción e Desenvolvemento tanto a nivel nacional como autonómico. Así mesmo, faise unha descrición do proxecto actual promovido pola Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, cos seus obxectivos, departamentos que o compoñen e normativa na que se basea.

Desenvolvemento local: sección que ofrece información sobre os proxectos de desenvolvemento que a UPD diseña, así como toda a información socioeconómica do seu ámbito de actuación a través dos diferentes diagnósticos territoriais.

Observatorio de Escolas e Obradoiros: Nesta sección atópase información de interese sobre os programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego, os requisitos para promovelos ou participar neles e a labor desenvolta pola UPD da Mancomunidad de Vigo no deseño de proxectos dende o ano 1998. Tamén pódese acceder a ferramentas de interese para os participantes neste tipo de proxectos (entidades promotoras, persoal directivo e titor, alumnado traballador) así como documentación e estatísticas recentes para todas aquelas persoas interesadas nestes proxectos.

Ademais nesta páxina pódese atopar o Servizo de documentación, a edición tanto de Arco da Nova como da Revista Landra, así como a sección webemprego.

Servizo de Documentación

Servizo permanente que ofrece tanto a posibilidade de acceder aos contidos das publicacións propias da UPD como á relación do fondo bibliográfico que dispón a Mancomunidad de Vigo. O centro de documentación está dispoñible a través da web:

www.maiv.org/upd/documentacion

Este servizo dispón dun dispositivo de consulta e préstamo dirixido a técnicos/as e axentes de emprego e persoal das escolas obradoiro e obradoiros de emprego.

Boletín informativo Arco da Nova

Arco da Nova é un boletín principalmente electrónico que está especializado na edición de noticias breves de actualidade referentes a formación, emprego e desenvolvemento local en todas as súas facetas. Desde que se iniciou o presente proxecto de UPD publicáronse 17 boletíns electrónicos, cunha periodicidade aproximadamente mensual. Arco da Nova distribuíuse simultaneamente en formato dixital e formato papel e foi enviado a técnicos/as locais de emprego, escolas obradoiro, obradoiros de emprego e outras entidades relacionadas co desenvolvemento local, a promoción socioeconómica e o emprego.



Este produto é un dos que mais utilizan os usuarios da páxina da Mancomunidade, así do total de visitas efectuadas á páxina web da MAIV entre novembro de 2004 e novembro de 2006, o 11% correspondeu a este boletín.

En formato dixital a reciben 320 usuarios e en formato papel a reciben 80 entidades.

Boletín do mercado de traballo da Área Metropolitana de Vigo



O Boletín, de periodicidade semestral, tivo como obxectivo ofrecer un resumo das principais variables estatísticas do mercado de traballo nos diferentes concellos que conforman a futura área metropolitana de Vigo. Ofrece datos relativos a:

- Características xerais da poboación maior de 16 anos: poboación activa, ocupada e parada tanto da AM, dos seus concellos, como de Pontevedra e Galicia.
- Paro rexistrado: Análise da evolución da cifra, comparación da evolución con respecto a Pontevedra e Galicia, distribución desta variable por idades e sexos, distribución porcentual por sectores económicos.
- Ocupacións: ocupacións máis demandadas polos homes e mulleres demandantes de emprego, ocupacións máis ofertadas, ocupacións máis contratadas segundo sexo.
- Distribución da contratación segundo a actividade económica.
- Número de empresas por sectores económicos, por volume de empregados, diferenciando entre microempresas, pequenas empresas, medianas empresas e grandes empresas.

Durante este período foron publicados tres boletíns: 1º semestre 2005, 2º semestre 2005 e 1º semestre 2006. Este boletín foi distribuído vía e-mail entre os diferentes actores sociais e económicos que operan no territorio e entregado en papel a cada un dos membros que conforman o Pleno da Mancomunidade de Vigo.

Boletín de cifras básicas

Este boletín tivo un carácter anual e ofreceu información detallada de cada un dos concellos da Área Metropolitana de Vigo sobre o seu territorio, poboación, paro rexistrado, ocupacións, protección social, sectores empresariais e recursos e parámetros de desenvolvemento.



Esta publicación, que foi distribuída vía e-mail a todos os axentes e persoal técnico de emprego, recompilou, nun único documento, todas aquelas variables que son editadas por diversos organismos, de forma que a través da súa análise puideran completar a realización dos seus traballos ou mesmo esbozar novos proxectos en función destas variables. Este boletín tamén foi distribuído en formato papel entre os membros do Pleno da Mancomunidade de Vigo.

Difusión das actividades da UPD

Durante o período de funcionamento desta UPD mantivéronse comunicacións, por diferentes medios (cartas, e-mail, web, teléfono, etc.) cos distintos axentes que traballan principalmente en materia de emprego: técnicos/as locais de emprego, UPDs, escolas obradoiro e obradoiros de emprego e axentes de emprego.

Ademais e co obxectivo de difundir as accións que en materia de emprego se están a desenvolver, a UPD da Mancomunidade asistiu a dúas feiras relacionadas con esta temática: IV Semana do Emprendedor (30 de novembro e 1 de decembro de 2004) e V Feira de Formación e Emprego, Galiemprego 2005 (28, 29 e 30 de abril). Así mesmo, e xunto con outros proxectos que a Mancomunidade de Vigo está a executar (Proder II e Conta con Elas), estivo presente con diverso material impreso, como as publicacións da UPD ou folletos informativos da mesma en diversas feiras de temática moi variada: Navalía - maio 2006, SICO Construcción - xuño 2006 e Feira náutica e turística de Baiona - xullo de 2006.



Asesoramento no deseño e redacción de proxectos

Obxectivo: Potenciar o desenvolvemento local e a creación de emprego na Mancomunidade de Vigo asesorando ás entidades locais para a execución de determinados proxectos de forma que estes sexan viables.

Durante este período a UPD colaborou, realizando traballo de campo e prospeccións, con diferentes concellos da área de Vigo (Fornelos de Montes, Gondomar, Pazos de Borbén, Redondela e Soutomaior) para presentar ao Programa PRODER II proxectos de valorización do patrimonio cultural e natural, sendo o traballo do persoal da UPD a de realizar traballo de campo e prospeccións para inventariar o patrimonio a recuperar, propor determinadas actuacións e deseñar bosquexos previos.



A través deste mesmo programa, a UPD, tamén participou coa Mancomunidade de Vigo no traballo de prospección e deseño dun proxecto para a posta en marcha dun sistema de información turística na Mancomunidade.

Así mesmo, colaborouse con esta entidade na redacción do Plan de Acción polo Emprego na área metropolitana de Vigo. A colaboración centrouse na elaboración dunha análise sobre a situación do emprego nesta área, na redacción das recomendacións a realizar aos concellos para cumprir a Estratexia Europea polo Emprego e a estruturación dunha serie de fichas relativas a cada unha das accións que se levarán a cabo pola Mancomunidade en materia de emprego e desenvolvemento local durante os próximos anos.

O equipo da UPD, ademais, estivo traballando coa entidade promotora, ou concellos pertencentes á mesma, na redacción de pequenos informes relativos a:

- Situación socioeconómica da futura área metropolitana de Vigo de cara a incluílas en presentacións públicas diversas.
- Alegacións a incluír nas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia co obxectivo de incluír a carballeira e marxes do río Barragán nalgunha das categorías de protección paisaxística e/ou mediomambiental que se contemplan nestas directrices.
- Situación do planeamento urbanístico en cada un dos concellos da Mancomunidade e análise doutras experiencias de planificación de infraestruturas a nivel territorial e lexislación noutras áreas metropolitanas.
- Prevención de riscos na Mancomunidade en relación á adaptación das normas esixidas polo servizo de prevención alleo (SEGAPREL).
- Transporte metropolitano: busca de información, estudo doutras experiencias e análise de diversas formas de organización dunha entidade de transporte.
- Promoción e recuperación de espazos forestais/naturais degradados na área de Vigo.
- Informe sobre a incidencia dos trazados da nova autovía Vigo - O Porriño na canle do río Oitaven, dado que a súa recuperación ambiental é un dos proxectos presentados ás subvencións do programa PRODER da Mancomunidade.
- Informe de propostas de actuación para a dinamización e posta en valor da Illa e Enseada de San Simón (Redondela) de cara a súa promoción turística.

ESCOLAS OBRADOIRO E OBRADOIROS DE EMPREGO



O obxectivo desta medida foi potenciar un maior coñecemento dos obxectivos destes programas entre as entidades promotoras e posibles participantes, facilitar a adaptación dos proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego ás potencialidades e características do territorio no que se desenvolveron e mellorar ás posibilidades de inserción laboral dos colectivos formados a través da elaboración de metodoloxías de traballo.

Promoción dos programas

Obxectivo: Achegar os obxectivos e características principais dos programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego ás entidades promotoras dos proxectos, así como ao persoal que traballa neste ámbito ou mesmo ás posibles persoas beneficiarias dos mesmos.

Co obxectivo de achegar ás administracións locais e posibles entidades promotoras as características dos programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego, así como para explicar a importancia que ten o deseño inicial e a súa xestión, a UPD levou a cabo diferentes accións.

- **Banco de ideas:** co obxectivo de poder ofrecer unha batería de propostas ás entidades que queren por en marcha proxectos de escolas e obradoiros deseñouse un banco de ideas que contivo unha relación de proxectos desenvolvidos no resto de España e que polas súas características son innovadores en algúns aspectos.
- **Campaña de difusión dos programas:** deseño e edición Material divulgativo de apoio á “Guía para entidades promotoras. Unha aposta polos programas de formación e emprego” no que se explican as características básicas destes proxectos, dirixidas a sociedade en xeral e onde se reflicten algunhas das directrices establecidas pola Unión Europea en materia de igualdade de oportunidades, xestión medioambiental, prevención de riscos, etc.



- **Estudo da implantación de novas especialidades e proxectos no programa:** a UPD da Mancomunidade en colaboración coa da Deputación de Pontevedra e a Sección de Escolas Obradoiro da Delegación da Consellería de Traballo en Pontevedra, desenvolveu un traballo de prospección exhaustivo co obxecto de descubrir as potencialidades deste tipo de programas en sete concellos da provincia de forma que se adaptaran ás necesidades tanto sociais como económicas de cada territorio e que responderan ás demandas do mercado laboral a aos recursos existentes. O traballo, estivo baseado tanto na análise de datos cuantitativos como cualitativos, obtidos estes últimos das achegas de diversos axentes económicos e sociais que desenvolven o seu traballo no eido do emprego ou o desenvolvemento local.

Esta estudo desembocou nunha batería de especialidades ou proxectos concretos a desenvolver nos concellos de Arbo, Bueu, Cuntis, A Guarda, Rodeiro, Sanxenxo e Soutomaior.

Asesoramento e colaboración no deseño de proxectos

Obxectivo: Garantir que as propostas de proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego se adapten ás características do territorio no que se implantan, asegurar a calidade da formación e fomentar a orientación destes proxectos cara á inserción laboral do alumnado traballador.

O servizo de asesoramento colabora co persoal das entidades promotoras para subministrar toda a información necesaria á hora de redactar un proxecto.

Este servizo posto en marcha coas directrices establecidas pola Sección de Escolas da Consellería de Traballo ofreceu as seguintes actividades:

- Apoio na redacción de proxectos de obra ou servizo.
- Elaboración de plans formativos e adaptación da obra ou servizo a dito plan.
- Elaboración de memorias socioeconómicas. Elaboración doutros documentos técnicos.
- Orzamentos dos proxectos no que se refire a gastos de persoal e de funcionamento.
- Deseño gráfico e maquetación.

1. Nome proxecto: OE PETROGLIFOS II

Entidade promotora: Concello de Campo Lameiro.

Entregado o día 21/12/04.

Obra ou servizo:

1. Acondicionamento e mellora das instalacións municipais ubicadas en A Chanciña.
2. Acondicionamento do entorno dos petroglifos.



Destino da obra ou servizo:

Crear espazos culturais e de esparexemento no concello de Campo Lameiro para uso e disfrute dos veciños e visitantes.

Alumnado previsto: 45

Alumnado definitivo no proxecto: 35

Data prevista de inicio: 30/06/2005

Data de Inicio: 30/06/2006

Asesoramento na redacción do proxecto:

- **Formularios de solicitude:** Redactado pola Upd.
- **Estudio socioeconómico:** Redactado pola Upd.
- **Plan formativo:** Redactado pola Upd.
- **Proxecto de obra ou servizo:** Redactado polo Concello.
- **Orzamento de subvención:** Redactado pola Upd.

2. Nome proxecto: OE COVELONATURA SOSTIBLE



Entidade promotora: Concello de O Covelo.

Entregado o día 26/01/05.

Obra ou servizo:

1. Rehabilitación da Casa Rectoral de Santa Marina.
2. Acondicionamento dos patios de acceso e do entorno.
3. Acondicionamento das instalacións de electricidade e fontanería dos aseos da sede do obradoiro.
4. Execución das instalacións de fontanería e electricidade da gardería de Covelo.

Destino da obra ou servizo:

Centro social do concello, gardería municipal e sede o obradoiro de emprego.

Alumnado previsto: 52

Alumnado definitivo no proxecto: 30


Data prevista de inicio: 30/06/2005

Data de Inicio: 30/06/2005

Asesoramento na redacción do proxecto:

- **Formularios de solicitude:** Redactado pola Upd.
- **Estudio socioeconómico:** Redactado pola Upd.
- **Plan formativo:** Redactado pola Upd.
- **Proxecto de obra ou servizo:** Colabora en Redacción.
- **Orzamento de subvención:** Redactado pola Upd.

3. Nome proxecto: EO MAR DE VIGO III



Entidade promotora: Concello de Vigo.

Entregado o día 28/01/05.

Obra ou servizo:

1. Mantemento, conservación e construción de equipos marítimos.
2. Organización de eventos náuticos.
3. Aulas tradicionais do mar.
4. Animación náutico-turística.
5. Realización de embarcacións tradicionais: GALEÓNS e construción en poliéster dun barco de apoio a motor MDV 19.
6. Actividades náuticas.

Destino da obra ou servizo:

A formación marítima, a difusión da cultura mariña e a creación de infraestructuras náuticas

A promoción municipal dos deportes náuticos conformándose como un recurso a utilizar na futura Escola Municipal de Deportes Náuticos e Vela.

Alumnado previsto: 45

Alumnado definitivo no proxecto: 35


Data prevista de inicio: 30/06/2005

Data de Inicio: 30/12/2005

Asesoramento na redacción do proxecto:

- Formularios de solicitude: Redactado pola Upd.
- Estudio socioeconómico: Redactado pola Upd.
- Plan formativo: Redactado pola Upd.
- Proxecto de obra ou servizo: Colabora en Redacción.
- Orzamento de subvención: Redactado pola Upd.

4. Nome proxecto: OE RESTAURACION DE TUI II



Entidade promotora: Concello de Tui.

Entregado o día 07/02/05.

Obra ou servizo:

1. Acondicionamento dos xardíns da parte municipal do Convento de Santo Domingo.
2. Rehabilitación de edificio no casco histórico de Tui para destinalo a oficinas.
3. Acondicionamento do interior da nave do Obradoiro de Emprego e axardinamento exterior.
4. Acondicionamento do trazado do Camiño de Santiago ó paso por Tui.
5. Acondicionamento do contorno da Ponte das Febres.

Destino da obra ou servizo:

Mellorar espazos públicos para uso e desfrute dos veciños e visitantes.


Alumnado previsto: 45

Data prevista de inicio: 30/06/2005 **Data de Inicio:** en fase de valoración

Asesoramento na redacción do proxecto:

- Formularios de solicitude: Redactado pola Upd.
- Estudio socioeconómico: Redactado pola Upd.
- Plan formativo: Redactado pola Upd.
- Proxecto de obra ou servizo: Redactado polo Concello.
- Orzamento de subvención: Redactado pola Upd.

5. Nome proxecto: OE VIGOZOO III



Entidade promotora: Concello de Vigo.

Entregado o día 14/07/05

Obra ou servizo:

1. Obras de acondicionamento dos recintos e do zoo.
2. Módulo de educación ambiental para a formación de guías do zoo.

Destino da obra ou servizo:

Mellora dos espazos públicos de VigoZoo.

Alumnado previsto: 48


Alumnado definitivo no proxecto: 40

Data prevista de inicio: 30/12/2005 **Data de Inicio:** finais de 2006

Asesoramento na redacción do proxecto:

- Formularios de solicitude: Redactado pola Upd.
- Estudio socioeconómico: Redactado pola Upd.
- Plan formativo: Redactado pola Upd.
- Proxecto de obra ou servizo: Redactado polo Concello e asesoramento da UPD na redacción do proxecto para a especialidade de educación ambiental.
- Orzamento de subvención: Redactado pola Upd.

6. Nome proxecto: OE MONDARIZ



Entidade promotora: Concello de Mondariz.

Entregado o día 14/07/05

Obra ou servizo:

1. Reforma de Casa Escola en Lougares.
2. Creación de ruta de senderismo.
3. Servizo de axuda a domicilio.

Destino da obra ou servizo:

Cesión como centro social da comunidade de montes.

Creación dunha ruta de sendeirismo para uso e desfrute dos veciños e visitantes.

Alumnado previsto: 45

Alumnado definitivo no proxecto: 35


Data prevista de inicio: 30/12/2005

Data de Inicio: 30/06/2006

Asesoramento na redacción do proxecto:

- Formularios de solicitude: Redactado pola Upd.
- Estudio socioeconómico: Redactado pola Upd.
- Plan formativo: Redactado pola Upd.
- Proxecto de obra ou servizo: Redactado polo Concello e asesoramento da UPD na redacción do proxecto para a especialidade de axuda a domicilio.
- Orzamento de subvención: Redactado pola Upd.

7. Nome proxecto: OE NIGRAN



Entidade promotora: Concello de Nigrán.

Entregado o día 14/07/05

Obra ou servizo:

1. Rehabilitación de Casa Rectoral en Chan de Brito.
2. Mellora das instalacións en edificacións municipais.

Destino da obra ou servizo:

Centro social.

Alumnado previsto: 45


Data prevista de inicio: 31/12/2005

Data de Inicio: en fase de valoración

Asesoramento na redacción do proxecto:

- Formularios de solicitude: Redactado pola Upd.
- Estudio socioeconómico: Redactado pola Upd
- Plan formativo: Redactado pola Upd.
- Proxecto de obra ou servizo: Redactado polo Concello.
- Orzamento de subvención: Redactado pola Upd.

8. Nome proxecto: OE ERIZANA



Entidade promotora: Concello de Baiona.

Entregado o día 15/07/05

Obra ou servizo:

1. Pavimentación do contorno da Igrexa de Santa Liberata.
2. Acondicionamento da planta baixa da praza do mercado para centro multiusos.
3. Restauración de torre de reloxo.
4. Axardinamento do entorno da casa de María Carvajal (xardín do Pinzón).
5. Cambio da Cuberta da Casa da Cultura.
6. Restauración da fonte dos mortos.

Destino da obra ou servizo:

As obras pretenden acondicionar espazos públicos e edificios municipais para uso e desfrute dos veciños e visitantes do concello.

Alumnado previsto: 48

Data prevista de inicio: 12/30/2005 **Data de Inicio:** en fase de valoración

Asesoramento na redacción do proxecto:

- Formularios de solicitude: Redactado pola Upd
- Estudio socioeconómico: Redactado pola Upd
- Plan formativo: Redactado pola Upd
- Proxecto de obra ou servizo: Redactado polo Concello
- Orzamento de subvención: Redactado pola Upd

9. Nome proxecto: OE NORDES



Entidade promotora: Concello da Illa de Arousa.

Entregado o día 10/04/06

Obra ou servizo:

1. Acondicionamento do borde litoral con pasarelas de madeira.
2. Edificio destinado a centro de formación ocupacional.
3. Caseta para aseos na Secada.
4. Recuperación ambiental do monte Carreirón.
5. Recuperación do peirau de Pau.
6. Recuperación dos xardíns da Casa Goday.
7. Recuperación de 2 lanchas.
8. Confección de roupa náutica e velas.

Destino da obra ou servizo:

Mellora da oferta de equipamentos e espazos públicos do concello.

Alumnado previsto: 60

Alumnado definitivo no proxecto: 45


Data prevista de inicio: 29/06/2006

Data de Inicio: 30/06/2006

Asesoramento na redacción do proxecto:

- Formularios de solicitude: Redactado pola Upd.
- Estudio socioeconómico: Redactado pola Upd.
- Plan formativo: Redactado pola Upd.
- Proxecto de obra ou servizo: Redactado polo Concello e asesoramento da UPD na redacción do proxecto para a especialidade de complementos nauticos.
- Orzamento de subvención: Redactado pola Upd.

10. Nome proxecto: OE VILA DO CORPUS



Entidade promotora: Concello de Pontareas.

Entregado o día 07/07/06

Obra ou servizo:

1. Acondicionamento da Escola Unitaria de Santiago de Oliveira.
2. Acondicionamento da Escola Unitaria de Cumiar.
3. Rehabilitación da Escola de Bugarín.
4. Acondicionamemtno do centro de día de discapacitados físicos e psíquicos.
5. Recuperación do parque forestal do Castelo de Sobroso
6. Adecuación de instalación eléctrica e de fontanería nos vestiarios do campo de fútbol de Pardellas

Destino da obra ou servizo:

Acondicionamento de bens públicos para uso e disfrute dos veciños e visitantes.

Alumnado previsto: 39

Alumnado definitivo no proxecto: 32


Data prevista de inicio: 30/06/2005

Data de Inicio: decembro do 2006

Asesoramento na redacción do proxecto:

- Formularios de solicitude: Redactado pola Upd.
- Estudio socioeconómico: Redactado pola Upd.
- Plan formativo: Redactado pola Upd.
- Proxecto de obra ou servizo: Redactado polo Concello.
- Orzamento de subvención: Redactado pola Upd.

11. Nome proxecto: OE ESCOLA DE LEBOSO



Entidade promotora: Fundación Galicia Verde.

Entregado o día 13/07/06

Obra ou servizo:

Creación dunha horta ecolóxica.

Destino da obra ou servizo:

Os produtos resultantes do proceso de cultivo de ambas especialidades, horticultura e fruticultura, en parte será doada a centros e organismos públicos da zona e o resto á venda tanto en feiras da comarca como a consumidores locais.

Alumnado previsto: 30

Data prevista de inicio: 29/12/2006 **Data de Inicio:** en fase de valoración

Asesoramento na redacción do proxecto:

- Formularios de solicitude: Redactado pola Upd.
- Estudio socioeconómico: Redactado pola Upd.
- Plan formativo: Redactado pola Upd.
- Proxecto de obra ou servizo: Colabora en Redacción.
- Orzamento de subvención: Redactado pola Upd.

12. Nome proxecto: OE O MUSEO



Entidade promotora: Concello de Salceda de Caselas.

Entregado o día 13/07/06

Obra ou servizo:

1. Rehabilitación do matadoiro e acondicionamento do seu entorno
2. Rehabilitación do viveiro de empresas
3. Axardinamento do CRA Raíña Aragonte
4. Axardinamento do parque do Torrón

Destino da obra ou servizo:

- O Matadoiro para museo.
- Viveiro de empresas.
- Uso e disfrute de espazos públicos.

Alumnado previsto: 46

Data prevista de inicio: 30/12/2006 **Data de Inicio:** en fase de valoración

Asesoramento na redacción do proxecto:

- Formularios de solicitude: Redactado pola Upd.
- Estudio socioeconómico: Redactado pola Upd.
- Plan formativo: Redactado pola Upd.
- Proxecto de obra ou servizo: Redactado polo Concello.
- Orzamento de subvención: Redactado pola Upd.

13. Nome proxecto: OE POUADOURO II**Entidade promotora:** Concello de Redondela.

Entregado o día 13/07/06

Obra ou servizo:

1. Rematar a rehabilitación do pazo de Pousadouro.
2. Acondicionar o xardín de Pousadouro.
3. Rehabilitar a torre do xardín.
4. Obras complementarias de tabiquería e poda de árbores.

Destino da obra ou servizo:

O pazo e o contorno axardinado para centro de formación ocupacional.

A torre para centro de educación ambiental.

Alumnado previsto: 45**Alumnado definitivo no proxecto:** 32**Data prevista de inicio:** 29/12/2006**Data de Inicio:** decembro do 2006**Asesoramento na redacción do proxecto:**

- Formularios de solicitude: Redactado pola Upd.
- Estudio socioeconómico: Redactado pola Upd.
- Plan formativo: Redactado pola Upd.
- Proxecto de obra ou servizo: Colabora en Redacción.
- Orzamento de subvención: Redactado pola Upd.

Modificación de proxectos

- Obradoiro de Emprego “Restauración de Tui II”. Concello de Tui.
Entregado á entidade promotora o día 03/06/05.

Como consecuencia da publicación da orde do 24 de marzo de 2006 que regula os programa de escolas obradoiro, casas de oficio, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento, durante a terceira fase do proxecto modificáronse e actualizáronse os

orxamentos, plans formativos, incorporando os novos módulos de formación complementaria obrigatoria, e datos do mercado de traballo, **dos seguintes proxectos:**


- Obradoiro de Emprego “Restauración de Tui II”. Concello de Tui.
Entregado á entidade promotora o día 07/04/06.
- Obradoiro de Emprego “Plan Mondariz”. Concello de Mondariz.
Entregado á entidade promotora o día 07/04/06.
- Obradoiro de Emprego “Erizana”. Concello de Baiona.
Entregado á entidade promotora o día 10-04-06.
- Obradoiro de Emprego “Petróglifos II”. Concello de Campo Lameiro.
Entregado á entidade promotora o día 07/04/06.
- Obradoiro de Emprego “Vila do Corpus”. Concello de Ponteareas.
Entregado á entidade promotora o día 07/07/06.


Así mesmo, colaborouse co concello de Fornelos de Montes elaborando o proxecto de execución para a rehabilitación e ampliación da escola unitaria de Oitaven, unha das obras a realizar no proxecto de OE de Fornelos de Montes II.

Ademais durante a duración da UPD, recibíronse peticións de asesoramento por parte doutras entidades e referidos a diversos temas puntuais:

- **Concello de Vilanova de Arousa:** asesoramento na redacción do proxecto completo que non foi entregado á entidade promotora por faltar a redacción de parte do proxecto de obra por parte do concello.
- **Concello de Pazos de Borbén:** asesoramento para iniciar a redacción dun proxecto de obradoiro de emprego.
- **Concello de O Grove:** asesoramento e actualización do orzamento para o obradoiro de emprego aprobado en abril de 2005.
- **Concello de Redondela:** asesoramento e actualización do orzamento para o obradoiro de emprego aprobado en abril de 2005.
- **Concello de Mos:** asesoramento para a actualización do orzamento a presentar na convocatoria de marzo de 2005 e xullo de 2006 e actualización do orzamento para o obradoiro de emprego aprobado en outubro de 2005.
- **Concello de Boiro:** petición de certificados de profesionalidade da especialidade de viveirismo.
- **Secretariado Xeral Xitano:** asesoramento do procedemento para redactar e solicitar un proxecto de obradoiro de emprego.
- **UPD da Deputación de Pontevedra:** asesoramento en relación ó número de horas nas especialidades e concretamente ás correspondentes a formación complementaria.

- **Concello de Redondela:** elaboración dun orzamento para unha escola obradoiro de 60 alumnos de duración dous anos e ano e medio.
- **Concello de Caldas de Reis:** asesoramento e actualización do orzamento para o obradoiro de emprego aprobado en outubro de 2005.
- **Concello de Vilaboa:** solicitude de información sobre o procedemento a seguir para a solicitude de axuda na redacción dun novo proxecto.
- **Concello de Cambados:** solicitude de información sobre o procedemento a seguir para a solicitude de axuda na redacción dun novo proxecto.
- **Seminario de Estudos Carlos Velasco:** asesoramento para a redacción dunha UPD promovida por esta entidade especializada no sector forestal.
- **UPD de Jaen:** Solicitude de información sobre requisitos que teñen que seguir para levar a cabo unha especialidade de elaborador de conservas vexetais.
- **Concello Catoira:** cedéuselle os contidos teórico-prácticos dos módulos de formación complementaria: “sensibilización medioambiental”, “prevención de riscos laborais” e “alfabetización informática” para a inclusión no novo proxecto que redactaron.
- **Concello de Guitiriz:** enviáronselle os plans formativos das especialidades de albanelería, cantería, carpintería e medio ambiente, e se lles asesorou en como elaborar o orzamento para un proxecto de obradoiro de emprego nese concello sobre restauración de patrimonio. Ademais cedéronselles os contidos teórico-prácticos dos módulos de formación complementaria: “sensibilización medioambiental”, “prevención de riscos laborais” e “alfabetización informática” para a inclusión no proxecto que redactaron.
- **Concello Ribadavia:** enviáronselle os plans formativos das especialidades de electricidade, cantería, carpintería e medio ambiente.





Apoio aos proxectos de escolas e obradoiros en funcionamento

Obxectivo: Ofrecer e establecer mecanismos de comunicación que faciliten o traballo do colectivo de persoas que traballan nos programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego, así como facilitar ferramentas e metodoloxías de traballo para mellorar a empregabilidade do alumnado traballador dos proxectos.

Servizo de asesoramento

A UPD tivo un servizo de asesoramento aberto a todos aqueles proxectos que se estiveron a executar na provincia de Pontevedra en materias relacionadas cos proxectos de obra, plans formativos e certificados de profesionalidade, orientación e inserción sociolaboral, iniciativas empresariais e de autoemprego, etc.

Observatorio de escolas

O Observatorio de Escolas e Obradoiros foi deseñado co obxectivo de ofrecer unha ferramenta útil a todas aquelas persoas que dalgunha maneira se atopan implicadas nos programas de escolas Obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego ou quen desean obter información sobre os mesmos.

Esta ferramenta foi deseñada para ser visible a través da web da UPD e ofrece información de interese sobre estes instrumentos das políticas activas de emprego.

Accedendo a www.maiv.org/upd/observatorio atópase información de interese sobre que son os programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego, ferramentas para o persoal e alumnado traballador destes programas de cara a mellorar a súa empregabilidade, estatísticas sobre os diferentes proxectos que se executaron na provincia de Pontevedra ou mesmo documentación que pode favorecer os procesos de capacitación das persoas desempregadas.

Esta sección estruturouse nos seguintes apartados:

- **Escolas/Obradoiros**

- Que son as EO/OE: nesta sección atópanse información detallada do programa referida ás entidades promotoras, persoas destinatarias, características e enderezos de interese.
- A UPD e o deseño de EO/OE: relación de proxectos redactados pola UPD desde 1998.



- **Directorio de EO/OE**
 - Proxectos Activos: a través deste apartado pódese acceder a un listado dos proxectos de Obradoiros de Emprego e Escolas Obradoiro que están actualmente en funcionamento, así como ver as súas principais características.
 - Arquivo de proxectos: nesta sección, introducindo un rango de datas, pódense visualizar os proxectos que estiveron en funcionamento nese intervalo de tempo.
- **Ferramentas**
 - Para o persoal directivo e titor: Están dirixidas ao equipo directivo e docente para facilitar ou mellorar o seu labor diario nas escolas e obradoiros.
 - Para o alumnado traballador: Están orientadas á facilitar información e orientar a quen estea no proceso de buscar un posto de traballo.
 - Para futuras entidades promotoras: Recollen información e recursos documentais dirixidos a aquelas entidades que pretendan promover un proxecto de escola obradoiro ou obradoiro de emprego.
- **Documentación**
 - Documentación de interese sobre o programa de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego.
- **Estatísticas**
 - Proxectos: datos cuantitativos sobre o número de proxectos, tipoloxía das entidades promotoras e actuación dos proxectos.
 - Persoal: datos cuantitativos sobre a distribución por sexo e programa do persoal directivo e docente e distribución por sexo e especialidades dos docentes daqueles proxectos.
 - Alumnado traballador: datos cuantitativos sobre a distribución por sexo, grupos de idade e nivel inicial de estudo do alumnado traballador dos proxectos.
 - Formación: información cuantitativa sobre as especialidades formativas dos proxectos.

Para desenvolver este observatorio contouse coa colaboración tanto da Sección de Escolas da Consellería de Traballo, do persoal dos diferentes proxectos da provincia de Pontevedra que se foron executando ao longo da existencia de todas as UPD na Mancomunidade de Vigo, como do persoal da propia Mancomunidade, especialista en temas de emprego.

Deseño de actividades e produtos de sensibilización

Obxectivo: Proporcionar produtos e ferramentas de traballo que incorporen temas transcendentais da vida profesional.

Manual “Sensibilizando cara a un traballo seguro”

Como consecuencia do elevado índice de sinistralidade laboral que se está a producir no ámbito laboral, non só en profesións vinculadas ao sector da construción, senón tamén, e cada día máis, noutras actividades industriais e de servizos, a UPD editou un manual baixo o título “Sensibilizando cara a un traballo seguro”.

Este manual, dirixido a todas as persoas implicadas nos proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego, pretende ser unha ferramenta de axuda na aplicación e cumprimento da normativa laboral vixente en materia preventiva, ademais dun instrumento válido de sensibilización e concienciación cara a actitudes e hábitos de traballo seguros e saudables.

A través da elaboración de indicacións e consellos seguindo as directrices que se ditan na Lei de Prevención de Riscos Laborais, trátase de ofrecer unha información clara e clave de aplicación práctica nos proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego, informando sobre os principais riscos laborais que se poden producir nas diferentes especialidades dos proxectos e as medidas preventivas a adoptar desde todos os ámbitos da prevención: a seguridade, a hixiene, a ergonomía e a medicina.

Catálogo de formación complementaria

Ao longo dos anos e nun contexto de actuación relacionada co proceso de capacitación das persoas participantes, o equipo da UPD que xestiona a formación e outras accións de apoio á inserción laboral estableceron contactos co equipo directivo e docente de diferentes proxectos que se foron desenvolvendo na nosa provincia. Destes contactos xurdiu a necesidade de aportar novas ideas formativas adaptadas ao que demanda o mercado laboral.

O catálogo que se elaborou xurdiu co fin de dar resposta á necesidade de diversificar as accións de formación complementaria que se desenvolven nas escolas obradoiro e obradoiros de emprego, a maiores dos cinco módulos de obrigada inclusión segundo establece a orde que regula este tipo de programas.



Reedición Guía do orientador-xestor. Unha axuda cara a empregabilidade

Como consecuencia do interese mostrado polo persoal que traballa nos proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego, así como persoal que se encarga das labores de orientación nos diferentes concellos pola “Guía do orientador-xestor. Unha axuda cara a empregabilidade” elaborada no marco do anterior proxecto UPD 2001-2004, nesta UPD reeditouse a guía co obxectivo de seguir distribuíndoa entre estes colectivos.

Rede polo emprego

Obxectivo:

Contribuír a mellorar a inserción laboral das persoas desempregadas do ámbito da MAIV, en xeral, e do alumnado traballador dos proxectos de escolas obradoiros e obradoiros de emprego da provincia de Pontevedra.

Sección emprego da web da UPD

A sección de emprego da upd, dispoñible a través da web: www.maiv.org/upd/emprego dispón de información dirixida a todas aquelas persoas que están nun proceso activo de busca dun posto de traballo, ofrecendo información dos pasos a seguir tanto na busca de emprego por conta allea como por conta propia.

Esta información ofrécese a través de tres apartados:

- **Actívate:** describe os pasos a seguir na busca de emprego por conta allea ofrecendo as ferramentas necesarias para poder facelo, e todo o que se necesita saber se unha persoa está disposta a crear a súa propia empresa a través do enlace a páxina do SAE.
- **Conéctate ao emprego:** ofrece os enlaces ás páxinas de internet máis relevantes sobre emprego e formación.
- **Localiza empresas:** dispón dun directorio de empresas ao que se pode acceder segundo a especialidade cursada nunha escolas obradoiro ou obradoiro de emprego e segundo a localización da empresa.



Durante a duración desta UPD ademais de actualizar os contidos das seccións de conéctate ao emprego, e localiza empresas modificouse a estrutura de acceso a páxina do SAE e estruturáronse todos os contidos da mesma co obxectivo de que o acceso á información fora máis doado, tanto para os/as potenciais usuarios/as do servizo como para os propios técnicos/as ou axentes de emprego que se dedican a asesorar nesta materia.



Club de emprego

Os clubs de emprego xorden como iniciativa colectiva de cara a realización de diferentes actividades destinadas a favorecer a busca activa de emprego ás persoas desempregadas en xeral e ao alumnado traballador dos proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego en particular.

Co obxectivo de difundir esta metodoloxía de traballo a UPD continuou distribuindo a publicación e colaborou co obradoiro de emprego “Concello de Mos” na posta en marcha de dita iniciativa, a través da explicación aos participantes da filosofía dun club de emprego e que supón participar nel.

Asesoramento para a creación de empresas

Así mesmo, e dentro desta acción, e como apoio ás actividades para a promoción da actividade empresarial, o técnico de emprego da UPD estivo colaborando co Servizo de Asesoramento a Emprendedores da Mancomunidade de Vigo resolvendo dúbidas puntuais das persoas usuarias deste servizo.

- Atención a proxectos de cooperativas, sociedades laborais e autónomos. Apoio para completar os expedientes de axuda: 20 proxectos.
- Atención a proxectos presentados para as axudas municipais á creación de empresas do concello de Vigo. Información sobre as facturas aportadas e revisión dos expedientes de axudas: 15 proxectos.
- Apoio na elaboración de recursos por denegación de axudas: 5 proxectos.
- Información sobre axudas en xeral e outros: 9 iniciativas.

Actividades de difusión dos programas de escolas e obradoiros



Obxectivo: Servir de canle de comunicación e fortalecer os vínculos entre todos os proxectos de escolas e obradoiros ofrecendo diferentes ferramentas para a difusión dos mesmos.

Rede de escolas

A web da UPD, entre outras finalidades, foi unha plataforma de referencia non so para o persoal participante no programa de escolas obradoiro e obradoiro de emprego, senón para todos aqueles colectivos vinculados cos programas de formación e emprego.

Para levar a cabo esta acción, e así favorecer este proceso de difusión, a UPD ofreceu aos distintos proxectos que se executaron ao longo da existencia desta UPD a posibilidade de dispor dunha páxina web propia ás que se tiña acceso a través da páxina da Unidade.

Para ofrecer este servizo deseñouse un panel de control fácil e accesible para que todos os proxectos de escolas e obradoiros puideran elaborar cos mínimos medios a súa páxina. Ademais ofreceuse a posibilidade de que se non tiñan os medios adecuados de acceso a Internet o equipo da UPD encargárase de introducir os datos facilitados polo persoal dos proxectos.



Sitios Webs de escolas e obradoiros:

- [Obradoiro de emprego A Lama II](#)
- [Obradoiro de emprego O Grove](#)
- [Obradoiro de emprego Fornelos de Montes II](#)
- [Obradoiro de emprego Gondomar II](#)
- [Obradoiro de emprego Pousadouro. Redondela](#)
- [Obradoiro de emprego “Val da Louriña II”. O Porriño](#)
- [Escola obradoiro Camiño de Santiago de Tomiño](#)
- [Obradoiro de emprego “Os Cabaqueiros”. O Rosal](#)

Revista Landra

A Revista Landra, é un instrumento de divulgación e difusión non so das iniciativas vinculadas cos programas de escolas obradoiro e obradoiro de emprego, senón tamén das vinculadas con temas sobre emprego e desenvolvemento local.



Esta revista desde a súa creación mantén cinco seccións: Editorial, Tribuna, Escolas Abertas, Obraquedobra e Apuntamentos. Cada unha delas está dirixida a que participen os diferentes actores que traballan tanto nos proxectos de escolas e obradoiros (dirección, titoría, docencia e alumnado traballador) como outros que a pesar de non ter unha relación directa cos programas, si coñecen a problemática do desenvolvemento local e colaboran facendo as súas achegas neste eido.

Durante estes dous anos editáronse catro números da revista, unha cada seis meses, participando un total de 25 proxectos, ademais de diversas persoas que aportaron as súas ideas en temas tan diversos como a política forestal, a prevención de incendios, a investigación participativa, o turismo, a igualdade de oportunidades, o desenvolvemento sostible, a ecoloxía e a arquitectura, etc.

Así os proxectos que participaron foron:


- Escola Obradoiro “A Xuventude V”. Cambados.
- Escola obradoiro “Granxa da Rúa III”. Cangas.
- Escola obradoiro “Hostalería do Salnés”. Mancomunidade do Salnés.
- Escola obradoiro “Marín II”.
- Obradoiro de emprego “A Estrada V”.
- Obradoiro de emprego “A Lama II”.
- Obradoiro de emprego “A Segorella III”. Manomunidade do Salnés.
- Obradoiro de emprego “A xunqueira”. Vilagarcía de Arousa.
- Obradoiro de emprego “As Neves”.
- Obradoiro de emprego “Camiño de Santiago” Valga.
- Obradoiro de emprego “Cerdedo”.

- Obradoiro de emprego “Concello de Mos”.
- Obradoiro de emprego “Covelo Natura Sostible”. O Covelo.
- Obradoiro de emprego “Cruceiro”. Patronato Municipal de Beiramar. Moaña.
- Obradoiro de emprego “Ecolalín III”. Lalín.
- Obradoiro de emprego “Gondomar”.
- Obradoiro de emprego “Manuel Portela IV”. A Guarda.
- Obradoiro de emprego “Monte das Lapas”. Vilaboa.
- Obradoiro de emprego “O Grove”.
- Obradoiro de emprego “Os cabaqueiros”. O Rosal.
- Obradoiro de emprego “Poio II”.
- Obradoiro de emprego “Pousadouro”. Redondela.
- Obradoiro de emprego “Rianxo”.
- Obradoiro de emprego “San Juan II”. Portas.
- Obradoiro de emprego “Vilanova de Arousa II”.



ACTIVIDADES XERAIS





ACTIVIDADES XERAIS

PROGRAMACIÓN E MANTEMENTO DE REDE INFORMÁTICA

Colaboración cos proxectos técnicos que requiriron traballos de deseño e enxeñería informática:

Deseño de bases de datos:

- Seguimento dos asesoramentos a entidades promotoras de proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego.
- Seguimento dos asesoramentos de proxectos de valorización e desenvolvemento local.
- Seguimento dos asesoramentos puntuais á rede de técnicos/as de emprego.
- Observatorio de escolas obradoiro e obradoiros de emprego
- Localiza empresas: relación de empresas vinculadas coas especialidades das escolas ou obradoiros.
- Conéctate ao emprego: enlaces de páxinas web sobre emprego
- Banco de ideas de proxectos de desenvolvemento
- Banco de ideas de proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego.
- Seguímentos da inserción laboral do alumnado das escolas obradoiro e obradoiros de emprego.
- Proxecto de innovación en escolas obradoiro e obradoiros de emprego.
- Bases de datos asociadas ao Sistema de Información Xeográfico.
- Servizo de documentación.
- Normativa de boletíns oficiais.

Asistencia ás necesidades do equipo en materia informática (mantemento de equipos e da rede, copias de seguridade, configuración de correos electrónicos, mantemento de listas de distribución, mantemento da web, escaneado de imaxes e documentos, gravación de CDs, DVDs, etc.)

TRABALLOS DE DELINEACIÓN E DESEÑO GRÁFICO

Apoio ao equipo técnico nos labores de delineación cartográfica e gráfica, especialmente en relación aos proxectos de escola obradoiro e obradoiros de emprego e á cartografía de memorias socioeconómicas e documentos de análise territorial.

TAREFAS DE APOIO ADMINISTRATIVO E DE SECRETARIADO

Realización de tarefas administrativas e de apoio xeral ao equipo nas súas necesidades operativas.

- Elaboración da documentación para a xestión administrativa do proxectos.
- Seguimento dos procedementos administrativos de xestión de facturas.
- Control dos medios materiais de consumo.
- Contactos e atención telefónica
- Actualización de documentación e bases de datos.
- Catalogación de novas publicacións do servizo de documentación.
- Corrección de documentos.

ASISTENCIA A CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Co obxectivo de favorecer a adquisición de coñecementos naquelas materias relacionadas coas accións que se puxeron en marcha e obter información doutras iniciativas e proxectos o persoal da UPD asistiu durante os dous anos de duración do proxecto a diversos cursos, xornadas, seminarios ou congresos:

- 30-11-04: Xornada “O futuro das empresas de inserción na área da Mancomunidade de Vigo”, organizada polo proxecto Compás.
- 30-11-04 / 1-12-04: IV Semana do emprendedor organizada pola Universidade de Vigo e a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.
- 21-12-04: Clausura do Plan Experimental de Emprego do concello de Mos.
- 17-02-05: Clausura do proxecto Empleocities na Deputación de Pontevedra.
- 21-02-05: Xornada “Os Sistemas de Información Xeográfica como ferramenta para o desenvolvemento en Pontevedra”.
- 21-02-05: Inauguración da UPD da Deputación de Pontevedra.
- 16-03-05: Xornada “El nuevo reglamento de extranjería en 150 preguntas”, organizada pola UPD da Deputación de Ourense no Centro Cultural de Ourense.
- 28-29-30 de abril de 2005: V Feira de formación e emprego. Galiemprego 2005.
- 10-05-05: Xornada “Programa básico de xestión e execución dun proxecto europeo”, organizada pola Fundación Galicia-Europa”, en Pontevedra.
- 30-06-05: Xornada “1ª feira de turismo”, organizada polo concello de Baiona.

- 19-07-05 e 20-07-05: Curso de “Urbanismo sostible”, organizado pola escola Galega de Administración Pública en Sada.
- 19-08-05: Seminario “Igualdade de oportunidades”, organizado polo proxecto Conta con Elas - Equal AD area metropolitana de Vigo en Vigo.
- 30-09-05: Seminario “Accións experimentais de promoción do emprego no sector ter-mal”, organizado pola UPD da Deputación de Ourense en Ourense.
- 20-21-22 de novembro de 2005: Curso de “Desenvolvemento local e políticas de xéne-ro”, organizado pola FEMP e o concello de A Coruña.
- 04-01-06: Presentación do Plan de Acción Global para o Emprego do concello de Mos, no Centro de Desenvolvemento Local.
- Do 23 ao 27 de febreiro de 2006: Curso de “Igualdade de oportunidades”, impartido polo proxecto Equal “Conta con elas” da Mancomunidade de Vigo.
- 07-03-06: Presentación oficial do proxecto Conta con elas da iniciativa Equal no Centro Social Caixanova en Vigo.
- 30 e 31 de marzo de 2006: Xornada “Conurbacións galegas desde unha perspectiva com-parada”, xornadas internacionais organizadas pola EGAP en Santiago de Compostela.
- 16-05-06: Xornada “Necesidades futuras de formación no sector das construcións metá-licas” organizado por AIMEN e a Consellería de Traballo en O Porriño.
- 14-06-06: Xornada “Novas perspectivas de financiamento europeo para o fomento da sociedade da información e do coñecemento en Galicia”, organizada pola *Escuela para las administraciones públicas de Caixanova* en Pontevedra.
- 27-07-06: Xornada de portas abertas do obradoiro de emprego “Concello de Mos”.

